



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 5 de febreiro de 2015  
**Hora de comezo:** 13.50 h  
**Hora de remate:** 14.15 h

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjúas Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Dona Raquel García Fraga

### **AUSENTES:**

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Inicio contratación do programa da prevención da dependencia**
- 3. Aprobación de facturas**
- 4. Xustificación subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar para prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local**
- 5. Devolución de aval**
- 6. Rogos e preguntas**

### **DELIBERACIÓNS**

#### **1.Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 29 de xaneiro do 2015.

#### **2.Inicio contratación do programa da prevención da dependencia**

No pasado ano finalizouse o contrato que esta entidade tiña asinado coa empresa FISS Coruña, co que se levaba a cabo a impartición de diversas especialidades para a prevención da dependencia orientado ós maiores deste concello. A educadora familiar e o persoal da dita empresa, realizaban dentro do Programa de prevención da dependencia, actividades de terapia ocupacional que estaban financiados pola Deputación da Coruña.

Debido á falta de financiamento por parte da Deputación, na xunta de goberno do día 4 de setembro de 2014, finalizouse o contrato.

Este ano, solicitouse financiamento e debido á necesidade e á demanda deste programa, decidiuse volver a contratar o servizo, polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

**1** Iniciar a contratación polo procedemento negociado sin publicidade, do servizo do programa de prevención da dependencia.

**2** Aprobar os pregos que rexen esta contratación e que a continuación se transcriben literalmente:

### PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA.

#### **1. Obxecto do contrato**

O obxecto do contrato é o desenvolvemento das actividades comprendidas dentro do Programa de Prevención de Dependencia que o Concello de Boqueixón vén desenvolvendo durante todo o ano (a excepción dos meses de xullo, agosto e setembro).

Durante o ano 2015, e de xeito excepcional, o programa iniciárase no mes de abril.

#### **2. Prescricións técnicas**

##### **a) Obrigas da empresa adxudicataria**

- Cumprir os requisitos legais en materia de persoal para o desenvolvemento do seu traballo.
- Seguir a programación das actividades elaborada polo departamento de servizos sociais do concello ou, no seu caso, presentar a programación.
- Proporcionar ao persoal, os recursos materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.
- Aboar os gastos do persoal, transporte, material, seguros e impostos derivados da realización das actividades obxecto do contrato.

##### **b) Actividades**

As actividades a realizar serán as seguintes:

- Traballo con materiais de estimulación cognitiva, lóxica e psicomotricidade fina (encaixables, triolo, puzzles, xogos de comprensión, linguaxe, cálculo...).
- Ximnasia e exercicios de psicomotricidade (empregando aros, pelotas de diferentes tamaños e texturas).
- Actividades de habilidades sociais (autoestima, familia, valores, hábitos alimenticios...).
- Manualidades para traballar a psicomotricidade fina e táctil.
- Saída cultural adaptada ás características das persoas participantes.

- Actividades específicas en datas sinaladas (Nadal, Entroido, verán).
- Obradoiro de atención e memoria.
- Actividades para a prevención de caídas, accidentes domésticos, roubos...

#### **c) Metodoloxía**

Estableceranse as seguintes reunións:

- Reunión de inicio co departamento de servizos sociais para a presentación do equipo e programación.
- Reunión trimestral co persoal responsable de servizos sociais.

#### **d) Horario**

As actividades desenvolveranse todos os martes e xoves no local sociocultural de Sergude en horario de 16:30 a 19:30.

#### **e) Número de persoas usuarias**

O número máximo de persoas usuarias por actividade será acordado entre a empresa e o departamento de servizos sociais en función das características da actividade.

#### **f) Medios persoais**

As actividades do programa serán desenvolvidas por persoal especializado en terapia ocupacional.

#### **g) Calidade dos servizos**

A empresa adxudicataria deberá realizar as actividades nas condicións máis óptimas de calidade utilizando os medios persoais e materiais máis axeitados para garantir a súa óptima execución.

O concello poderá verificar en calquera momento a correcta execución do contrato, podendo solicitar a documentación que estime oportuna e as inspeccións que considere necesarias.

### **3. Presuposto máximo de licitación**

O presuposto máximo de licitación é de 20 €/hora, incluíndo todo tipo de honorarios de profesionais, seguros, impostos e outros gastos de xestión.

En caso de prórroga, o prezo poderá ser revisado mediante a aplicación da porcentaxe do 0,85 % do índice de prezos ao consumo anual.

### **4. Duración do contrato**

A duración do contrato será dun ano prorrogable anualmente ata un máximo de 4 anos e será o órgano de contratación quen acorde a prórroga, que resultará obrigatorio para o contratista, segundo especifica o art. 23 do TRLCSP.

Así mesmo, as partes poderán desistir do contrato en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo dun mes de antelación á efectividade do devandito desistimento.

### **5. Financiamento**

Para atender as obrigas económicas que se deriven para o concello deste contrato, existe crédito no presuposto vixente. A partida presupostaria á que se debe imputar o gasto será a 231.227.99. Por tratarse dun expediente de gasto plurianual queda condicionado á

existencia de crédito adecuado e suficiente, tal como se esixe no artigo 173.5 da Lei reguladora das facendas locais.

## 6. Forma e procedemento de adxudicación

O contrato se adxudicará mediante procedemento negociado sen publicidade.

## 7. Capacidade para contratar

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas que tendo plena capacidade de obrar non se atopen comprendidas nalguna das circunstancias que enumeran os artigos 54 a 59 do TRLCSP.

## 8. Proposición: lugar e prazo de presentación

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do concello no prazo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da recepción da invitación.

A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional pola empresa do contido da totalidade de ditas cláusulas.

## 9. Documentación

### **SOBRE A: Subtitulado “ Documentación”.**

No sobre figurará a mención “documentación para a contratación dos servizos do programa de prevención da dependencia”

Conterá o seguinte:

- Documento acreditativo da personalidade.
- Poderes, cando o licitador non actúe en nome propio.
- Acreditación de solvencia económica, técnica ou profesional.

### **SOBRE B: Subtitulado “Referencias técnicas”.**

Este sobre conterá:

- Memoria da actividade.
- Medios materiais que se adscriben ao cumprimento do contrato.

### **SOBRE C: “ Oferta económica”.**

Conterá a oferta económica, formulada conforme ao seguinte modelo:

Don/a.....con domicilio en.....  
rúa.....Nº..... teléfono..... Fax.....  
titular do CIF/NIF nº..... actuando en nome propio (ou en  
representación de CIF/NIF nº.....  
domicilio.....rúa.....  
..Nº.....Teléfono.....Fax.....) toma parte no procedemento negociado  
sen publicidade convocado polo Concello de Boqueixón para contratar o servizo “  
**Programa de prevención da dependencia**” e faise constar que coñece e acepta o prego de  
cláusulas administrativas e técnicas que rexen o dito contrato e que se compromete a  
realizar o servizo con suxeición ao mesmo, polo importe que se sinala a continuación:

- Prezo: €
- a) Prezo sen I.V.A €

- b) I.V.A €  
 c) Total (a+b) €

En ....., a..... de ..... 2015.

O licitador.

## 10. Criterios de valoración

Criterio	Puntuación	
	Mínimo	Máximo
Oferta económica	0	50
Medios materiais	0	30
Memoria actividades	0	20

O informe de valoración das ofertas será realizado polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais.

## 11. Adxudicación

Unha vez clasificadas as ofertas o órgano de contratación requirirá ao que obtivese maior puntuación para que no prazo de 10 días presente:

- Documentación xustificativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe da adxudicación excluído o I.V.E.
- Acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación.

## 12. Formalización

Deberá efectuarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguidos a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación.

3 Solicitar ofertas ás seguintes empresas e publicalo no perfil do contratista:

-Matilde Calvo Suárez  
 R/ Raxoeira, 4 – 3ºB  
 15895 Milladoiro  
 Ames

-Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL  
 Porcariza, 5 – Vilar  
 15882 Touro

-Centro de Orientación de Estudios Comerciais (COESCO, SL)  
R/ San Pelaio, 21  
36680 A Estrada

### 3.Aprobación de facturas

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 4.734,33 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	Mantemento informático xaneiro	920	21600	594,00 €
2	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico móbiles xaneiro	920	22200	
3	RICOH ESPAÑA S.L.U.	Mantemento fotocopiadora xaneiro	920	21300	805,55 €
				<b>TOTAL</b>	<b>1.818,21 €</b>

Aprobación de facturas pendente de pago:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	Ampliación memoria equipo de urbanismo	920	21300	47,63 €
2	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	Cartucho impresora Escola Infantil	920	22000	58,01 €
3	ETNOGA PATRIMONIO CULTURAL S.L.	Materiais didacticos entroido dos Xenerais do Ulla	432	22600	332,75 €
4	MARIA LUISA RENDO FACORRO	Materiais obras varias en Sergude, Rubial, ....	153.2	21200	2436,58 €
5	SAROLTA ZALÁN	Liquidación de gastos	920	23020	28,70 €
6	TEODORA KEZEVA	Liquidación de gastos	920	23020	12,45 €
				<b>TOTAL</b>	<b>2.916,12 €</b>

### 4.Xustificación subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar para prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local

No DOG nº 196 do 14 de outubro 2013 saíu publicada a Orde do 4 de outubro de 2013 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2013.

Con data de 3 de xaneiro de 2014 (registro nº 14/9) recíbese a Resolución da Consellería de Traballo e Benestar concedendo unha subvención de 4.615,91 € para a prórroga da contratación do AEDL María Cruz Ferreiro Sanín. Expediente número: TR351B 2013/5-1.

O artigo 16 da citada Orde referente ás obrigas das entidades beneficiarias, recolle o deber de presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, no prazo de dous meses, unha vez finalizado a súa execución a xustificación final do servizo.

Polo exposto a Xunta Local de Goberno acorda:

1.- Que a subvención percibida para a prórroga da contratación do servizo denominado “Axente de Emprego e Desenvolvemento Local” e executado no período comprendido

entre 12/12/2013 e 11/12/2014 destinouse aos fins para os que se concedeu e conforme ao disposto na normativa aplicable.

2.- Que os gastos efectuados a tal fin con cargo a dita subvención son os que se citan a continuación:

MES	CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)			CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)			TOTAIS
	SALARIO BRUTO (inc. plusas salariais)	P.P.PAGAS EXTRAS (no seu caso)	CUSTO SALARIAL MENSUAL/BASE DE COTIZACIÓN (A)	% COTA PATRONAL Á SEGURIDA DE SOCIAL	CNAE	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (B)	TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B)
decembro 2013	752,73	125,46	878,19	32,10%	A	281,90	1.160,09
Xaneiro 2014	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Febreiro 2014	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Mar-14	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Abr-14	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Maio 2014	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Xuño 2014	1.029,86	171,68	1.201,54 + INSS	32,10%	A	445,02	1.646,56
Xullo 2014			INSS	32,10%	A	445,10	445,10
Agosto 14			INSS	32,10%	A	445,10	445,10
Setembro 2014			INSS	32,10%	A	445,10	445,10
Outubro 2014	514,93	85,84	600,77 + INSS	32,10%	A	445,05	1.045,82
Novembro 2014	1.188,52	198,09	1.386,61	32,10%	A	445,10	1.831,71
Decembro 2014	435,79	72,63	508,42	32,10%	A	163,20	671,62
<b>SUBVENCIÓN XUSTIFICADA</b>			<b>11.508,58</b>			<b>5.341,08</b>	<b>16.849,66</b>

A traballadora estivo de baixa por maternidade no período do 27/06/2014 ata o 17/10/2014.

3.- Aprobar a memoria final sobre a actividades realizadas polo AEDL que se acompañará na xustificación xunto con:

- Certificados de fin de servizo segundo modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia.
- Nóminas aboadas á traballadora contratada
- Boletins de cotización á Seguridade Social (modelos TC-1 e TC-2)
- Resúmen anual das retencións practicadas en concepto do IRPF, Modelo 190.
- Extractos ou cargos bancarios correspondentes.

4.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Consellería de Tráballo e Benestar na información que realizou do desenvolvemento das actividades.

5.- Comunicar este acordo á Consellería de Traballo e Benestar.

### **5.Devolución de aval**

No prego de cláusulas administrativas que rexeron a concesión do uso privativo de dominio público municipal para a explotación e mantemento dun tanatorio municipal na planta baixa do local social de Camporrapado, especificábanse no punto 5, as garantías da contratación.

Unha das garantías que tiña que constituír o adxudicatario, denominada adicional, establecíase para responder da correcta execución das obras e será devolta cando estas finalicen, previo informe técnico favorable. O importe era de 50.000 euros.

O día 4 de abril de 2013, a empresa Funeraria Casablanca, SL, adxudicataria do contrato, depositou no concello o aval comentado no parágrafo anterior. (Núm. 13/636)

O día 3 de febreiro de 2015, a dita empresa solicita a devolución do aval, toda vez que as obras de acondicionamento do local xa foron realizadas.

Despois de revisar o expediente da obra, constátase que con data 3 de xullo de 2014, se realizou a Xunta de Goberno onde se aprobou a concesión da licenza de apertura e inicio da actividade do Tanatorio. No propio acordo figura transcrito o informe da arquitecta municipal, dona María Carmen Novoa Sío, que considera que as obras executadas axústanse á licenza de obra e á actividade concedida.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Devolver á empresa Funeraria Casablanca, SL o aval presentado por importe de 50.000 euros para responder da correcta execución das obras de acondicionamento do local destinado a tanatorio.

Comunicar este acordo ó interesado e a Tesourería para que se entregue o orixinal do aval.

### **6.Rogos e preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
O alcalde